

Pedro Arias
Parlamentario
do PPdeG



Estamos na vangarda intelectual namentres que os socialistas e os nacionalistas son arrogantes e inxustificadamente insolentes"

CADERNO ABERTO

Guía de Ourense



MIGUEL ANXO
FERNÁN
VELLO

Francisco Fernández Naval acaba de publicar en galego e castelán unha 'Guía de Ourense'

Conservo como ouro en panno as *Guías* de Galicia de Ramón Otero Pedrayo e de Carlos Martínez Barbeito, dúas excelentes obras que me serviron moito no seu día e que, a pesar do paso do tempo, aínda me serven hoxe, e sempre me sentín interesado polas guías de cidades escritas por literatos, un *xénero* que relaciona o informativo co *bo dicir*, algo que sempre agradece o lector. Existen guías notabelmente literarias, como a que, por exemplo, acaban de editar en México baseada en relatos xorna-

listicos e literarios de Carlos Monsiváis, toda unha exploración da alma e da vida da Cidade de México: "a capital mexicana barrio a barrio, coas súas tribos e as súas xentes", tal como a define a editora Deborah Holtz. E velái tamén, excelencia de excelencias, a *Guía literaria de Roma*, publicada por Ático de los Libros, que inclúe unha selección de textos de Estrabón, Montaigne, Goethe, Chateaubriand, Stendhal, Shelley, Dickens, Melville, Mark Twain, Henry James e Rilke, entre outros autores, presididos to-

dos eles por un Petrarca que chega a afirmar sen pelos na lingua o seguinte: "Necio é quen admira outras cidades sen ter visto Roma". Así de claro e concluínte era o mestre. E así de claros debemos ser tamén nós se é que nos toca falar, reducíndomos o espazo, se vostedes queren, a Galicia e mesmo a España, da cidade de Ourense. Francisco Fernández Naval acaba de publicar en galego e castelán unha *Guía de Ourense* (Everest, 2010) e descubrimos nas súas páxinas, non máis abrir o libro, uns versos de Celso Emilio Ferreiro

referidos á cidade das Burgas: *Arpa de soedá no vento erguida/lonxano Edén, saudade estremecida*. Fernández Naval, el mesmo escritor e poeta con moi recoñecida obra, ofrécenos unha *Guía de Ourense* que mantén un perfecto equilibrio entre o informativo e o descritivo en todos os seus ángulos e planos e o propiamente literario, atinxindo así unha obra final que permite "descubrir" con novo ollar ese gran tesouro urbano de Galicia que é a moi entrañábel e querida cidade de Ourense. ●